

INVESTIGACIÓN

## A Diócese mantén o recordo de San Rosendo a través dunha nova revista

Afóndase na figura deste bispo así como en aspectos patrimoniais de Ferrol e Mondoñedo

"Rudesindus" é a nova publicación da Diócese de Mondoñedo-Ferrol, en colaboración cos de Ourense. Nace coa vocación de abarcar diferentes eidos culturais e achegarse, non só ós investigadores, senón tamén a profesores e incluso a mozos do ensino medio e superior.

REDACCIÓN FERROL


■ Neste primeiro número as colaboracións céntranse na figura de San Rosendo e en aspectos máis vencellados á diócese de Mondoñedo-Ferrol, aínda que en vindelras ocasións achegárase a Celanova e á igrexa ourensá.

Así, Domingo González Lopo, Manuel Carriado Tejedo e Miguel Ángel González García escriben sobre o santo do que se vén de festexar os mil cen anos do seu nacemento. Carlos Adrán Goás, pola súa banda, escribe sobre o hospital de peregrino de Santa Ana de Celeiro. Unha das liñas máis importantes de investigación desta revista será precisamente a pegada do Camiño de Santiago en ámbalas dúas diócesis, serie que comeza con este artigo.

A historia da demarcación eclesiástica de Mondoñedo é tarefa da que se encarga Enrique Cal Pardo, mentres que Abel Vigo García céntrase na súa arqueoloxía.

Carlos Andrés González Paz escribe neste número inaugural sobre a relación do mariscal Pardo de Cela coa diócese mondionense, confirmando realidades e desmontando mitos. O estudo dunha das imaxes do Convento das Nais Concepcionistas de Viveiro (por parte de Mateo González Alonso) e unha reflexión de Leonardo Rodríguez Duplá sobre a presenza do cristianismo na esfera pública axudan tamén a comprender mellor o mundo que rodea ó lector.

**Cruces de malta** > A achega máis propiamente ferrolá do libro é un artigo de Carlos de Aracil e de Juan Burgoa sobre as cruces de malta na comarca de Ferrol. Neste traballo debullan a historia da orde de San Xoán de Xerusalén achegándose á súa presenza en Galicia e, en concreto, en Ferrolterra, vencellada principalmente ó camiño a San Andrés de Teixido e ó priorado de Régoa. Cedeira ten cruces no santuario de Teixido, na igrexa de Santa María da Régoa ou na casa consistorial e tamén en Valdóvico, por exemplo na Capela da Feme, hai sinais desta presenza na zona.



Capa da revista que editan as diócesis de Mondoñedo-Ferrol e de Ourense

LETRAS GALEGAS

## Dramatización teatral sobre a vida de Xosé María Álvarez Blázquez en Pontedeume

REDACCIÓN FERROL

■ O Concello de Pontedeume leva todo o mes de maio desenvolvendo diferentes actividades para celebrar o Día das Letras Galegas, que este ano homenaxeou ao escritor Xosé María Álvarez Blázquez. Dentro deste programa, hoxe, a partir das dez da mañá, na Casa da Cultura do Concello levarase a cabo unha representación teatral dirixida aos centros educativos do municipio. O actor Brais Fernández, que xa en anos ante-

riores levou a cabo dramatizacións deste tipo, será o encargado de realizar un percorrido pola vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez.

A actividade no Concello eumés continuará mañá cunha conferencia sobre o homenaxeado. Será o seu propio fillo, Ceiso Álvarez Cáccamo, o encargado de impartila na biblioteca municipal a partir das oito da tarde. "Xosé María Álvarez Blázquez escritor, investigador e editor" é o título da ponencia. O Ateneo Eumés, en co-

laboración co Concello, é o encargado de organizar o acto.

A programación en torno o Día das Letras pecharase a vindeira semana coa presentación do libro "Alfonso Costa". A obra, das autoras Eva Veiga e Anxeles Pena, forma parte da colección de grandes pintores, editada pola Deputación da Coruña. A presentación terá lugar o xoves 29 de maio, ás 20.30 horas, na biblioteca municipal. A entrada a calquera destas actividades é totalmente gratuíta.